



002150 25.02.2014 08:44

Mediante Resolución Reitoral do 13 de decembro de 2013 regulouse o recoñecemento de competencia lingüística B1 ou superior nunha lingua estranxeira aos alumnos que cursasen determinadas materias establecidas nos plans de estudo de diversos graos, e que figuraban no Anexo á dita resolución, en cumprimento do Acordo do Consello de Goberno do 31 de outubro de 2013 que regula o recoñecemento dunha lingua estranxeira para a obtención do título de grao, e o que establecía o punto 2.2 deste acordo. Sen embargo, neste anexo non se incluíron as titulacións da USC (licenciaturas e diplomaturas) cuxos plans de estudo acreditaban o nivel B1 dunha lingua estranxeira, tal e como se indicaba no propio acordo.

No caso do Grao en Mestre de Educación Infantil a resolución establecía o recoñecemento do nivel B1 (Inglés/francés) para os alumnos que cursasen esta titulación, en virtude da inclusión no plan de estudos da materia *Aprendizaxe de linguas en Contextos multilingües* (módulo Didáctico Disciplinar). Dado que esta materia non ten constituídos grupos de inglés e francés diferenciados, e unha vez consultados os centros que imparten o Grao en Mestre en Educación Infantil, constatouse que unicamente outorgaba competencias a un nivel B1 de Inglés.

Polo que ao abeiro deste acordo, esta reitoría

#### RESOLVE:

**Primeiro.-** Están exentos de acreditar o nivel B1 dunha lingua estranxeira os alumnos que se atopen nos seguintes casos: i) licenciados en Filoloxía que inclúan o estudo dunha lingua estranxeira como materia obrigatoria; ii) os Licenciados en Humanidades que teñan superadas as seguintes materias dunha mesma lingua: *Primeira Lingua Estranxeira* (Francés I, Inglés I); *Primeira Lingua Estranxeira* (Francés II, Inglés II); *Literatura da primeira Lingua Estranxeira I* (Francés/Inglés); iii) Mestres Especialidade en Lingua estranxeira; iv) os que teñan superadas materias dunha lingua estranxeira nestas ou noutras titulacións, que proporcionen competencias lingüísticas instrumentais, e o número mínimo de créditos da totalidade destas materias dunha mesma lingua sexa de 24.

**Segundo.-** Corrixir o Anexo da RR do 13 de decembro de 2013, de forma que para o Grao en Mestre de Educación Infantil, figure que a materia *Aprendizaxe de linguas en Contextos multilingües* (módulo Didáctico Disciplinar) outorga as competencias lingüísticas do nivel B1 do Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas en Lingua Inglesa.



**Terceiro.-** Dende os centros que imparten o Grao en Mestre de Educación Infantil e o Grao de Mestre de Educación Primaria deberá realizarse o seguimento así como as actuacións necesarias para o cumprimento do establecido na Orde ECI/3854/2007 e Orde ECI/3857/2007, de 27 de decembro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos oficiais que habiliten

para o exercicio da profesión de Mestre de Educación Infantil e Mestre de Educación Primaria, así como na memoria verificada do título, en relación ás citadas competencias lingüísticas.

Esta resolución terá efectos desde a súa publicación no taboleiro electrónico da USC.

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2014

O Reitor



Juan José Casares Long

Sr. Vicerreitor de Titulacións, Persoal Docente e Investigador; Sra. Secretaria Xeral da Universidade; Sr. Secretario Xeral Adxunto; Sra. Decana da Facultade en Filoloxía; Sr. Decano da Facultade de CC. da Educación; Sr. Decano da Facultade de Formación do Profesorado; Sra Directora da Oficina de Información; Sr. Xefe do Servizo de Xestión Académica; Sra. Xefa do Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica; Sres. Xefes das Unidades de Xestión Académica dos Campus Norte, Sur e Lugo; Sra. Xefa da Oficina de Análise e Reclamacións; Srs./as Responsables das Unidades de Apoio aos centros e aos departamentos.

ANEXO

| Titulación  | Materia  | Competencia lingüística (MERCL) |
|---|--|---------------------------------|
| Grao en Ciencias da Cultura e difusión Cultural   | G5091105 Idioma Moderno I (Lingua Inglesa)   | B1                              |
|   | G5091104 Idioma Moderno I (Lingua Francesa)  | B1                              |
|   | G5091115 Idioma Moderno II (Lingua Inglesa)  | B1                              |
|   | G5091114 Idioma Moderno II (Lingua Francesa)   | B2                              |
| Grao en Filoloxía Clásica; Lingua e Literatura Españolas, Lingua e Literatura Galegas, Lingua e Literatura Inglesas, e Linguas e Literaturas Modernas   | Formación Básica da Lingua Francesa  | B1                              |
|   | Formación Básica da Lingua Inglesa   | B1                              |
|   | Formación Básica da Lingua Italiana + Lingua Italiana III                                | B1                              |
|   | Formación Básica da Lingua Portuguesa  | B2                              |
|   | Formación Básica da Lingua Alemá + Lingua Alemá III e IV+ Lingua Alemá V                 | B1                              |
| Modalidade Minor das seguintes titulacións Grao en Filoloxía Clásica; Lingua e Literatura Españolas, Lingua e Literatura Galegas, Lingua e Literatura Inglesas, e Lingua e Literaturas Modernas de Alemán; Francés; Italiano; Portugués | Estudios Ingleses  | B2                              |
|   | Estudios Lusófonos   | B2                              |
|   | Lingua e Literatura Alemás   | B1                              |
|   | Lingua e Literatura Francesas  | B2                              |
|   | Lingua e Literatura Italianas  | B2                              |
| Alumnos con lingua materna distinta do español e do galego que cursen algún dos graos en linguas  | Formación Básica da Lingua española  | B2                              |
|   | Formación Básica da Lingua galega  | B1                              |
|   | Lingua catalá 1 e 2  | B1                              |
| Grao en Mestre en Educación Infantil<br>(Orde ECI/3854/2007, 27 de decembro pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de Mestre en Educación Infantil)  | Aprendizaxe de linguas en Contextos multilingües (mód. Didáctico Disciplinar - Inglés)   | B1                              |
| Grao en Mestre en Educación Primaria<br>(Orde ECI/3857/2007, 27 de decembro pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de Mestre en Educación Primaria)  | Ensino e aprendizaxe de competencias comunicativas (Alemán, Inglés, Portugués e Francés) | B1                              |
| Alumnos con lingua materna distinta do español e do galego que cursen algún dos graos de Mestres acadarán a competencia lingüística de Castelán e Galego equivalente ao   |  | C1                              |

Titulados conforme a ordenacións anteriores ao RD 1393/2007:

|  |    |
|--|----|
| Licenciados en Filoloxía que inclúan o estudo dunha lingua estranxeira como materia obrigatoria  | B1 |
| Licenciados en Humanidades que teñan superadas as seguintes materias dunha mesma lingua: <i>Primeira Lingua Estranxeira</i> (Francés I, Inglés I); <i>Primeira Lingua Estranxeira</i> (Francés II, Inglés II); <i>Literatura da primeira Lingua Estranxeira I</i> (Francés/Inglés) | B1 |
| Mestres Especialidade en Lingua Estranxeira  | B1 |
| Alumnos que teñan superadas materias dunha lingua estranxeira nestas ou outras titulacións, que proporcionen competencias lingüísticas instrumentais e o número mínimo de créditos da totalidade destas materias dunha mesma lingua sexa de 24                                     | B1 |